

ACTA

En Arzúa, a 3 de novembro de 2015.

Sendo as 10.30 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello de Arzúa, os membros integrantes do Tribunal Cualificador, que realizara as entrevistas a que se refire a Base Sexta n.º 4 das que rixen a oposición convocada para poder levar a cabo a contratación laboral temporal a xornada parcial, durante o curso lectivo 2015-2016, de oito profesores de música, para desempeñar o posto de traballo de profesor do Conservatorio profesional de Música e na Escola Municipal de Música de Arzúa (ubicado na Casa da Cultura), nas seguintes especialidades: Guitarra, Percusión, Piano, Tuba/Trombón, Trompa/Trompeta, Contrabaixo/Violonchelo, Violín/Viola e de Canto; por canto que os dous aspirantes ao posto de profesor de piano, que compareceron a realizar tanto o exercicio teórico como o exercicio práctico, de que consta a oposición, obtiveron a mesma puntuación total, resultante da suma das puntuacións obtidas en ditos exercicios.

Polo que, para resolver dito empate, terán que realizar as entrevistas previstas en dita Base Sexta, para cuxo trámite foron convocados previamente ambos aspirantes, mediante chamada telefónica aos mesmos realizada polo secretario do Tribunal Cualificador, o pasado martes día 27 de outubro, co obxecto de que compareceran no día de hoxe, na hora e lugar indicados.

Asisten a dito acto os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

* Presidente: D. Mateo Arnaiz Rodríguez, profesor de guitarra no Conservatorio profesional de música de A Coruña.

* Vogais:

- Dona Carmén María Ferreiro Soto, profesora de frauta traveseira no Conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela.

- Don Ricardo Olivet Sorera, músico integrante da Banda Militar de música de Marín na especialidade de tuba.

- Dona Blanca Bello Sobral, profesora de música no Instituto de Educación Secundaría “Francisco Aguiar” de Betanzos.

* Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, secretario do Concello de Arzúa.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, -de conformidade co disposto no artigo 26 n.º 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-; o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, dispoñendo seguidamente que se ía proceder a realizar as entrevistas con cada un dos dous aspirantes que obtiveron o resultado de empate neste proceso de selección.

Comprobado que compareceron ambos aspirantes, os cales se atopan fóra do Salón de Sesións, esperando a ser chamados; se lles informou :

- a) Que o seu orde de actuación será o mesmo que o da presentación das súas respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello, solicitando tomar parte neste proceso de selección.
- b) Que a entrevista versará sobre o seu currículo vitae e a adecuación e coñecementos do aspirante en relación co posto de traballo.
- c) Que o Tribunal Cualificador poderalles formular as preguntas que considere oportunas.
- d) Que as entrevistas serán valoradas de 1 a 5 puntos; sendo proposto para desempeñar o posto de profesor de piano o aspirante que obtivese a puntuación máis alta.

Convindo -por unanimidade dos catro membros do Tribunal Cualificador con dereito a voto- que as cuestións que se formularan a cada aspirante fosen as seguintes:

1. **¿Como dinamizaría Vde. A actividade do centro e a súa visibilidade no exterior?.**
2. **¿Cal é a súa implicación con Arzúa, cidade e conservatorio?**
3. **¿Como motivaría a un alumno procedente dunha familiar sen ningunha tradición nin interese musical?**
4. **¿Imparte clases en algún outro centro na actualidade? ¿Impartiu algunha clase noutros centros a o longo da da súa traxectoria?**
5. **¿Cal é a súa motivación polo posto de traballo?**

Rematadas as entrevistas, os membros do Tribunal Cualificador procederon a ordenar e contrastar as anotacións que sucesivamente foron tomando durante e despois das entrevistas realizadas.

Efectuado o cal, procedente outorgar as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Puntuación
1. Carlos Fernández García	3,5
2. Ivan Fernández Soto	4

E considerando que, conforme se dispón na Base Sexta punto 3, das que rixen este proceso de selección, a cualificación final de cada aspirante virá determinada pola suma da puntuación correspondente ás probas teórica e práctica, de que consta a oposición, pero tendo en conta que a proba terceira -sobre coñecementos do idioma galego- terá carácter eliminatorio.

O Tribunal Cualificador -por unanimidade dos catro membros con dereito a voto- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver o empate que obtiveran os aspirantes Carlos Fernández García e Iván Fernández Soto na puntuación final deste proceso de selección, despois de sumar as puntuacións obtidas por ambos na realización dos exercicios teórico e práctico, a favor do aspirante Ivan Fernández Soto, por canto que dito aspirante obtivo a puntuación máis alta na valoración das entrevistas realizadas no día de hoxe, xa que na proba sobre coñecemento do idioma galego (que -segundo dispón a Base Sexta punto 2 número 3- se cualifica como “apto” ou “non apto”), o aspirante Sr. Fernández García quedou eximido da realización de dita proba ao acreditar que estaba en posesión do Celga 4 e o aspirante Sr. Fernández Soto obtivo unha cualificación de “apto”.

Segundo.- De conformidade co disposto na Base Sexta n.º 4, das que rixen o proceso de selección, propoñer ao aspirante Iván Fernandez Soto para ser contratado como profesor de piano, para prestar os seus servizos no Conservatorio profesional de música e na Escola municipal de música de Arzúa, durante o curso lectivo 2015-2016.

Terceiro.- Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web dun exemplar desta acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo de prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que o aspirante agora proposto polo Tribunal Cualificador poida presentar a documentación esixida na Base Oitava das que rixen a oposición, como trámite previo para poder subscribir o correspondente contrato laboral co mesmo.

Co cal douse por rematado o acto, as 11.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros do Tribunal Cualificador, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.